



LISTA DE ASISTENTES

Carballo-Calero Ramos, M^a Victoria
 Cid Fernández, Xose Manuel
 Cidrás Pidre, José
 De Oca Cancela, Guillermo
 De Vicente Remesal, Javier
 Docampo Amoedo, Domingo
 Estévez Toranzo, Margarita
 Fandiño Alonso, Xaime
 Fernández Álvarez, Antón
 Fernández Saborido, Anxo Manuel
 Gálvez Gálvez, Juan Fco.
 Gil Villanueva, José M^a
 González Piñeiro, Luis
 Hernández Sánchez, Jesús
 Iglesias Galán, M^a Hilda
 Iglesias Randulfe, M^a Teresa
 Lago Teijeiro, Xan
 Legido Soto, José Luis
 Martínez Cobas, Xavier
 Membiela Iglesia, Pedro
 Méndez Franco, Óscar
 Nombela Castaño, Miguel Ángel
 Pérez Castrillo, Lois
 Pita Grandal, Ana M^a
 Rabanal Carbajo, Pedro
 Rodríguez Fuentes, Gustavo
 Rubiños López, J. Óscar
 Sánchez Bello, Patricio A.
 Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel
 Suárez Creo, Juan
 Troncoso Durán, Dolores
 Varasa Paredes, Javier

DESCULPAN ASISTENCIA:

Gueimonde Canto, Ana Isabel
 Pousada Carballo, José M^a

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 5 de outubro de dous mil cinco, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S de Enxeñeiros de Telecomunicación

O mércores, día 5 de outubro de 2005, ás 10:10 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 14 de xullo de 2005.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da titulación propia: Graduado superior en información técnica do medicamento.
4. Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: Especialista en seguridade social – I curso de especialista en dirección de comunicación e educación para o consumo – Máster/especialista en prevención de riscos laborais.
5. Aprobación, se procede, do Regulamento para a homologación de títulos estranxeiros a títulos e graos académicos de posgrao.
6. Aprobación, se procede, do cambio de nome da Facultade de ciencias da educación do campus de Pontevedra.
7. Modificación puntual dos artigos 9 e 23 do Regulamento de títulos propios.
8. Aprobación, se procede, da normativa de permisos e licencias do PDI.
9. Toma de acordo ante o recurso de alzada presentado por D. José Enrique Pérez Rodríguez contra o POD do curso 2005-06 do Departamento de tradución e lingüística.
10. Aprobación, se procede, de xeracións de crédito.
11. Resolución dos recursos de alzada contra a non admisión a trámite das solicitudes de avaliación curricular presentadas polos seguintes alumnos: Dona Luisa Fernanda Fernández Núñez e D. Roberto Carlos Fernández Cavadas (alumnos da E.U. de Estudos Empresariais).
12. Aprobación, se procede, dos Regulamentos de réxime interno da Facultade de ciencias xurídicas e do traballo e do Departamento de física aplicada.
13. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración coa Consellería de educación e ordenación universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de A Coruña – Convenio de colaboración coa Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral de relacións coa Unión Europea e cooperación exterior, e as universidades de Santiago de Compostela e A Coruña – Convenios marco e específico de colaboración coa Oulu Polytechnic (Finlandia) – Convenio marco de colaboración coa Universidade Federal de Santa Catarina – Convenio específico coa Universidade Católica do Norte – Convenio de cooperación coa Universidade federal do Río de Janeiro (Brasil).

14. Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de investigación (1 estudante), Comisión de planificación e asuntos económicos (2 estudantes), Comisión de extensión universitaria e estudantes (1 PDI e 1 membro do Consello Social).
15. Rogos e preguntas.

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 14 de xullo de 2005.

Apróbase por asentimento

Punto 2.- Informe do reitor.

O reitor informa do seguinte:

- Da recomposición do equipo reitoral trala marcha do vicerreitor de investigación, profesor Salustiano Mato de la Iglesia a ocupar un alto cargo no goberno autónomo. Buscouse unha solución que implicase os menos cambios posibles e deste xeito o profesor José Cidrás Pidre pasou a ocupar o vicerreitorado de investigación deixando vacante o vicerreitorado de innovación e calidade que foi cuberto polo profesor Ángel Sánchez Bermúdez que xa estaba implicado no mesmo como director da área de innovación.

Polo mesmo motivo foi nomeado o profesor Francisco Javier Labandeira Guillot como comisionado para o EEES en substitución do profesor Manuel Fernández Iglesias.

A composición do consello de goberno soamente se ve afectada pola substitución de Salustiano Mato de la Iglesia por Ángel Sánchez Bermúdez.

- Da marcha da universidade do xefe de gabinete de prensa D. Primitivo Carvajo, e da próxima contratación de D^a M^a Teresa Posada-Curros Buendía para o mesmo.

- Dos acordos acadados na reunión do 21 de setembro de 2005 pola comisión externa sobre o proceso de renovación das ensinanzas universitarias para a súa adaptación ao EEES, e que comprenden: os principios que inspiran a reforma, os criterios básicos que deben guiar o futuro mapa de ensinanzas de grao e a proposta dun calendario.

En virtude destes acordos a continuación o MEC fixo unha proposta dos títulos polos que se vai comezar. (ver Anexo I)

Durante uns tres meses o MEC ten que traballar na elaboración das directrices xerais destes títulos, esta proposta ten que ir ao consello de coordinación universitario, despois a informe público, debate cos intereses sociais, etc.

A comisión externa non se volverá a reunir ata febreiro para avaliar como foi o proceso e nesa xuntanza o MEC propondrá as ensinanzas que se van renovar na etapa seguinte.

- En relación cos novos títulos de posgrao informa de que en febreiro de 2006 xa se poderán presentar ofertas por parte das comunidades autónomas.

Sobre este tema informa da reunión, en Santiago de Compostela, dos tres reitores coa Conselleira de educación na que acordaron que debe ser un proceso aberto e tranquilo xa que hai un período longo de non menos de 10 anos para levar a cabo o proceso de cambio nos títulos. Na mesma a Conselleira indicou que lle gustaría que as tres universidades estivesen nesta convocatoria aínda que non vai haber financiamento adicional por parte da consellería para estes novos títulos.

Á Universidade de Vigo interésalle ter algún programa nesta primeira convocatoria para empezar en plan piloto o proceso de posta en marcha do novo posgrao. É necesario ter en conta que deben ser programas que se poidan implantar sen necesidade de novo profesorado xa que non vai haber financiamento adicional, así mesmo interesa aproveitar a convocatoria do MEC na que se pode solicitar algún profesor visitante para polos en marcha.

Indica que o procedemento consistirá en primeiro lugar na realización por parte da COAP dun análise de onde hai capacidade docente vacante, falarase cos decanos e directores dos centros e intentarase facer unha proposta de ao menos 4 programas e, de ser posible, que cubra os tres campus. A proposta traerase a este Consello de Goberno.

- Da saída da convocatoria a habilitación nacional de 1500 prazas de titulares de universidade e 600 de catedráticos de universidade. Cre que é unha convocatoria na que vai haber bastantes oportunidades polo que anima a que se presenten todos aqueles que estean en condicións de facelo.

- Da realización polo Tribunal de Garantías dun estudo de como están as universidades españolas neste tema editándose un libro sobre o mesmo en español e tamén en inglés.

- Da sinatura dun convenio con Caixa Galicia para cubrir o proxecto final do arquitecto Paulo Mendes da Rocha.

- Da inauguración da escultura de Leopoldo Novoa na praza das Cantigas o luns día 17 de outubro.

- De temas que se van tratar no próximo Consello de Goberno como son: avaliación curricular e normativa de permanencia, plan de promoción do profesorado, composición da comisión de posgrao e proposta de nomeamento do director.

Ábrese unha quenda de intervencións.

O profesor Membiela pregunta sobre o tanto por cento da troncalidade dos novos títulos e se se van ter en conta os libros brancos que se fixeron sobre algunhas titulacións.

O reitor di que a recomendación da comisión é que se busque o mínimo imprescindible de troncalidade para cada título pero é o MEC o que ten agora a palabra. En relación cos libros brancos non foi o ministerio senón a ANECA a que os fixo, supón que os utilizará pero non pode asegurar nada.

O profesor Sánchez Bello di que hai moita incerteza sobre o tema dos novos títulos xa que se nun principio o obxectivo parecía que era a redución do número de graos agora o Secretario de Estado di que non soamente haberá os mesmos senón incluso máis.

O reitor di que o consejo de coordinación universitaria trasladoulle ao ministerio que cada universidade puidese facer unha oferta xeneralizada e diversificada e cre que o de redución de títulos non se dixo oficialmente en ningún sitio.

O profesor Jesús Hernández, decano da Facultade de belas artes, opina que non lle parece xusto que o criterio para esta primeira oferta de títulos de posgrao sexa o da capacidade docente do profesorado, polo que naqueles ámbitos nos que non hai capacidade docente vense castigados.

O reitor di que ese non sería o criterio único, interesa que haxa oferta nos tres campus e trataríase de ver que profesorado pode facer un esforzo e intentar combinalo coa convocatoria externa de profesores visitantes.

O profesor Cid Fernández cre que máis que propostas concretas de centros e departamentos habería que pensar en propostas nas que participen diferentes campus e incluso diferentes universidades.

O reitor di que esa é a idea do equipo, tratar de ver onde se pode facer e onde pode ser viable xa que xuntarse porque si non ten sentido. Se hai iniciativas que non custen á universidade invítase a facer unha proposta.

Punto 3.- Aprobación, se procede, da titulación propia: Graduado superior en información técnica do medicamento.

O vicerreitor de titulacións, posgrao e formación permanente informa da proposta que foi presentada pola Facultade de dereito de Ourense e ven avalada polo interese da asociación de empregados do ámbito, ata o punto de que se nalgún momento hai algún problema económico a asociación faríase cargo do déficit existente nese momento.

Apróbase por asentimento.

Punto 4.- Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: Especialista en seguridade social – I curso de especialista en dirección de comunicación e educación para o consumo – Máster/especialista en prevención de riscos laborais.

Apróbanse por asentimento.

Punto 5.- Aprobación, se procede, do Regulamento para a homologación de títulos estranxeiros a títulos e graos académicos de posgrao.

O vicerreitor de titulacións, posgrao e formación permanente di que se trata de establecer un mínimo de procedemento administrativo para resolver as solicitudes de homologación de títulos estranxeiros a títulos e graos académicos de posgrao. Neste momento afecta case exclusivamente a títulos de doutoramento emitidos por universidades estranxeiras.

Apróbase por asentimento. (Anexo II)

Punto 6.- Aprobación, se procede, do cambio de nome da Facultade de ciencias da educación do campus de Pontevedra.

O vicerreitor de titulacións, posgraos e formación permanente explica os motivos que xustifican a proposta do cambio de nome e que figura no Anexo III.

Apróbase por asentimento.

Punto 7.- Modificación puntual dos artigos 9 e 23 do Regulamento de títulos propios.

Apróbase por asentimento. (Anexo IV)

Punto 8.- Aprobación, se procede, da normativa de permisos e licencias do PDI.

A vicerreitora de organización académica e profesorado informa de que todo o relacionado con permisos e licenzas do PDI figuraba dentro do anterior Regulamento de profesorado pero no actual que foi aprobado polo claustro o 14 de xuño de 2005, no artigo 24 di que “o consello de goberno regulará os permisos e licenzas aos que fai referencia o artigo 85 dos estatutos nunha normativa reguladora de permisos e licenzas do persoal docente e investigador”.

En cumprimento deste artigo presenta esta normativa e explica as diferenzas principais co que existía anteriormente.

Apróbase por asentimento. (Anexo V)

Punto 9.- Toma de acordo ante o recurso de alzada presentado por D. José Enrique Pérez Rodríguez contra o POD do curso 2005-06 do Departamento de tradución e lingüística.

A vicerreitora de organización académica e profesorado informa de que a cuestión reside no criterio de antigüidade á hora da elección da docencia. O recorrente considera que el pasa a ser máis antigo que o profesor Joan Miquel Vergés xa que, aínda que este entrou antes na universidade, perdeu a súa antigüidade por estar dous anos de excedencia voluntaria.

Esta reclamación foi analizada pola COAP que acordou solicitar ao departamento unha explicación dos criterios utilizados na asignación de docencia aos profesores afectados xa que o informe do Servizo de asesoría xurídica da universidade indica que é competencia do Consello de Departamento determinar o criterio utilizado para o cómputo da antigüidade.

Á vista de ambos informes a COAP acordou por unanimidade ratificar a proposta do departamento.

Intervén o recorrente, profesor José Enrique Pérez Rodríguez, di que acepta o indicado pola vicerreitora pero non está de acordo con que do informe da asesoría xurídica se deduza que os criterios da distribución da docencia en función da antigüidade poidan variar. Considera que a lexislación indica claramente cal é o criterio de antigüidade, polo que lle parece arbitrario que o departamento poida modificalo á hora de elixir a docencia. Remata a súa intervención pedindo que conste en acta un escrito que figura como Anexo VI.

O director do departamento de tradución e lingüística, profesor Arturo Parada, indica que o Consello de Departamento entendeu que á vista do informe da asesoría xurídica e en atención á mellor distribución da docencia acordou facer esa proposta.

O profesor Membiela pregunta se no regulamento de réxime interno do departamento figura algo en relación con ese tema.

O profesor Arturo Parada di que en caso de dúbida aconsella atender ao perfil docente e investigador do profesor.

O señor Pérez Rodríguez di que o regulamento aínda non está aprobado polo Consello de Goberno.

A profesora Pita Grandal di que os departamentos teñen a obriga de organizar a docencia do mellor xeito posible polo que está de acordo coa vicerreitora e coa COAP en que o departamento ten capacidade para establecer os criterios máis axeitados para a asignación da docencia sen que sexa necesariamente a antigüidade o único criterio a utilizar.

O reitor indica que segundo o informe da asesoría xurídica, e ao non haber unha normativa xeral, o órgano que debe interpretar e fixar os criterios é o departamento. En función de iso a COAP aceptou a proposta do mesmo xa que os criterios utilizados son adecuados. Considera que o tema está suficientemente debatido e propón aprobar a proposta feita pola COAP.

Apróbase por unanimidade a proposta da COAP polo que se desestima o recurso presentado polo profesor Pérez Rodríguez.

Punto 10.- Aprobación, se procede, de xeracións de crédito.

A secretaria xeral aclara que a redacción do punto da orde do día non é totalmente correcta xa que non se trata de “aprobación” senón de “información” sobre xeracións de crédito, xa que o artigo 4 das normas de execución orzamentaria para o exercicio 2005 establecen que “o xerente dará conta ao Consello de Goberno das xeracións de crédito...”

O Consello de Goberno dáse por informado das xeracións de crédito que figuran na documentación enviada.

Punto 11.- Resolución dos recursos de alzada contra a non admisión a trámite das solicitudes de avaliación curricular presentadas polos seguintes alumnos: Dona Luisa Fernanda Fernández Núñez e D. Roberto Carlos Fernández Cavadas (alumnos da E.U. de Estudos Empresariais).

O vicerreitor de innovación e calidade informa de que a alumna Luisa Fernanda Fernández Núñez pide que sexa retirada a súa solicitude avaliación curricular por haber aprobado a materia nesta convocatoria de setembro.

En relación coa solicitude presentada polo alumno Roberto Carlos Fernández Cavadas e, unha vez aplicados os criterios aprobados pola COAP, o informe é favorable.

Apróbase por asentimento a estimación do recurso presentado polo alumno da E. U. de estudos empresariais, D. Roberto Carlos Fernández Cavadas, contra a non admisión a trámite da solicitude de avaliación curricular na materia Matemáticas financeiras I.

Punto 12.- Aprobación, se procede, dos Regulamentos de réxime interno da Facultade de ciencias xurídicas e do traballo e do Departamento de física aplicada.

Apróbanse por asentimento

Punto 13.- Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración coa Consellería de educación e ordenación universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de A Coruña – Convenio de colaboración coa Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral de relacións coa Unión Europea e cooperación exterior, e as universidades de Santiago de Compostela e A Coruña – Convenios marco e específico de colaboración coa Oulu Polytechnic (Finlandia) – Convenio marco de colaboración coa Universidade Federal de Santa Catarina – Convenio específico coa Universidade Católica do Norte – Convenio de cooperación coa Universidade federal do Río de Janeiro (Brasil).

Apróbanse por asentimento.

Punto 14.- Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de investigación (1 estudante), Comisión de planificación e asuntos económicos (2 estudantes), Comisión de extensión universitaria e estudantes (1 PDI e 1 membro do Consello Social).

Non hai candidaturas presentadas.

Punto 15.- Rogos e preguntas.

O señor Xan Lago pregunta se a validación de créditos en diplomaturas ou enxeñerías técnicas de grao medio para alumnos de ciclos formativos de grao superior pode estenderse para estudantes de plans antigos de F.P.

A vicerreitora de organización académica e profesorado responde que a iniciativa para iso tería que emanar da dirección xeral correspondente da Consellería de Educación.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:40 horas do día 5 de outubro de 2005 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor

O reitor

A secretaria xeral

Domingo Docampo Amoedo

M^a Teresa Iglesias Randulfe